



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CATORCE DE MAIO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
(Escusa asistencia) D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día catorce de maio de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (11/04/2024).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día once de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202299900000406 de Lorena Valdés Sobredo e Roberto Botana Sanjurjo. (Expediente número 2022/U022/000018)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de rehabilitación e ampliación para vivenda de B+1 en Neira de Arriba, 2 - Ribadulla (San Mamede), (expediente núm.: 2022/U022/000018), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por César García Piñeiro, en calidade de arquitecto, sendo Melchor Nogueira Uzal o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 179.058,44 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	2996,18
Parcela bruta total (m ²)				3218,00
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		221,82
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,40 (1498,09m ²)	0,30		522,66m² < (1498,09)
Ocupación máxima (%)	50 (1198,47m ²)	40		473,66m² < (1198,47)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 6,00	(4)	B+1/6,60
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000701800NH43D.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por César García Piñeiro número de visado 2202458,3, de data 21/03/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U-5, de 221,82 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos e á xustificación documental e gráfica dos mesmos. O terreo de cesión deberá quedar urbanizado e enrasado coa vía. Xustificándose coa comunicación de primeira ocupación.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Tres mil cincocentos oitenta e un euros con dezasete céntimos (#3.581,17#).
- Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.2.- Instancia núm. 202399900000654 de don Alejandro Insua Barros. (Expediente número 2023/U022/000027)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de PB en Sales, 18 - Sales (San Fins) (expediente núm.: 2023/U022/000027), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jesús Pena Noya, en calidade de arquitecto, sendo Diego Manuel Rivas Rodríguez o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 86.319,00 euros, coas seguintes características:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	1492,00
Parcela bruta total (m ²)				1560,00
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		68
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,40	0,30 (447,60)		177,35 < (447,60)
Ocupación máxima (%)	50	40 (596,80)		177,35 < (596,80)
Aliñación (m)	Aliñación / >3,00	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	>3,00	>3,00	(3)	4,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	B/3,35
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090B50202100.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jesús Pena Noya número de visado 401310,2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindadeiras ou a terceiros.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08/01/2024 no seu punto “5º.- Acordo, se procede, sobre aceptación de terreo para regularización de viario (Expediente núm. 2024/U048/000001).” O terreo de cesión deberá quedar urbanizado e nivelado coa vía municipal. Xustificándose coa comunicación de primeira ocupación.”

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): mil setecentos vinte e seis euros con trinta e oito céntimos (#1.726,38#).
- Taxas expedición de cartel de obra: cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.3.- Instancia núm. 202399900000626 de Don José Manuel Silva García. (Expediente número 2023/U052/000002)

Dáse conta da citada instancia na que don José Manuel Silva García e dona Sandra Rodríguez Devesa, expoñen que con data do 23-03-2017 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



para construción de vivenda unifamiliar en Bazar, 32 - Trobe (San Andrés), referencia catastral da parcela 15090A50502005, (licenza número 2016/U022/000016), nos termos do proxecto achegado e asinado por César García Piñeiro en calidade de arquitecto, e que despois das sucesivas prórrogas, rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

Dáse conta tamén que se achega escritura notarial número 120 de data 23/01/2019 formalizando a cesión de terreo prevista na lei e aceptada co acordo de concesión da licenza para a regularización do viario, de 170 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expediente: 2023/U052/000002) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros.

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.4.- Instancia núm. 202400000000139 de dona Ángela María Sánchez Piñeiro. (Expediente número 2024/U052/000001)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ángela María Sánchez Piñeiro e don Bruno Vaamonde Suárez, expoñen que con data do 22-03-2018 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para construción de vivenda unifamiliar en Quintáns, 41 - Sales (San Xian), referencia catastral da parcela 15090A00300434, (licenza número 2017/U022/000017), nos termos do proxecto achegado e asinado por Carlos López Taboada en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

Dáse conta tamén da escritura notarial número 1159 do 18/10/2017 formalizando a cesión de terreos para regularización do viario prevista na lei e aceptada co acordo de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expediente: 2024/U052/000001) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#).

Así mesmo acorda a aprobación da liquidación definitiva do imposto sobre construcións, instalacións e obras, á vista da certificación final da liquidación da obra executada, que se notifica co presente acordo.

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.5.- -Instancia núm. 202499900000391 de don José Montero Martínez. (Expediente prórroga número: 2024/U003/000002)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 19/10/2023 concedeulle licenza para reforma -ampliación de vivenda unifamiliar en Laraño, 34 – Sales (San Xián) (Expediente número 2023/U022/000032), e dado que por diversos motivos non puido inicialas no prazo concedido, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 6 meses para o inicio das obras obxecto do expediente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior

2.6.- Instancia núm. 202499900000369 de UFD Distribución Electricidad S.A. (Expediente número 2024/U022/000009)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución, S.A, solicita licenza para obras de subministro eléctrico de 9.2KW para vivenda unifamiliar. Proxéctase liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS e final na CPM do solicitante, sendo a canalización da obra de 22 metros, nos termos da carpeta de permisos para a obra RBTS Avenida Mestre M. Gómez Lorenzo, s/n (Vedra con SGD: 618523060111 en Marzán de Abaixo - Vedra (expediente núm.: 2024/U022/000009), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Susana Casais Pérez, en calidade de enxeñeira técnica industrial, cun orzamento provisional de 2.544,00 euros.

Dáse conta tamén das seguintes autorizacións/informes outorgados:

- Declaración responsable do organismo de bacía Augas de Galicia, expediente DH.W15.95730.
- Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia. Expediente: 2708/23.
- Resolución de autorización de obra para liña de baixa tensión soterrada en Vedra, expediente: 618523060111. Concello de Vedra a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, na DP8203 – Vedra a Ponte de Santa Lucía, PK 0+500 0+540, marxe dereita. Expediente 2023000035881.

A Xunta de Goberno Local á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 06/09/2023, así como ao contido das autorizacións sectoriais. Debendo repoñerse nas mesmas condicións nas que estaba a beirarrúa afectada polas obras.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros con oitenta e oito céntimos (#50,88#)

2.7.- Instancia núm. 202499900000401 de UFD Distribución Electricidad S.A. (Expediente número 2024/U022/000012)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministro de 5,75 kw para vivenda. Proxéctase liña subterránea de baixa tensión con inicio en paso aéreo subterráneo (PAS) e final da CPM do cliente, sendo a obra de 28 metros. Carpeta de permisos RBTS - LUGAR FONTAO , S/Nº (VEDRA), con código SGD: 618524020026 en Fontao - Vedra (Santa Baia) (expediente núm.: 2024/U022/000012), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais. (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Susana Casais Pérez, en calidade de enxeñeira técnica industrial, cun orzamento provisional de 5.030,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 16/04/2024.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cen euros con sesenta céntimos (#100,60#)

2.8.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2024/U026/000023)

Dáse conta do citado expediente tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de catro postes de fibra do tipo 8FVA-250. Ref. 8601766 - 3964432. en Laraño, 36 - Sales (San Xián), nos termos da documentación técnica achegada de data 01/03/2024 e número de proxecto 8601766. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisible; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.



Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.9.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente 2024/U026/000024)

Dáse conta do expediente municipal número 2024/U026/000024 tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de fibra tipo 8FVA-250 en Pousada de Abaixo - Vedra, nos termos da documentación técnica achegada de data 08/04/2024 e número de proxecto 8611576. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de enxeñeiro técnico industrial.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas, sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.10.- Comunicación de obra de dona Laura Tojeiro Pérez. (Expediente número 2024/U026/000025)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Laura Tojeiro Pérez para rehabilitación interior de vivenda con reforma de cociña e baño en planta baixa de vivenda unifamiliar; renovación de chan, azulexado, instalación eléctrica, sanitaria e fontanería.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002304700NH43F, emprazada en Tomonde, 1 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1) e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de catrocentos sete euros con dezaioito céntimos (#407,18#).

2.11.- Comunicación de obra de don Miguel Angel Camino Bouzón. (Expediente número 2024/U026/000006)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Miguel Angel Camino Bouzón para peche de parcela con base de bloque de 0,20 cm, enfuscado e pintado, e postes e malla de arame ata unha altura total de 1,80 metros. Recuarase 5 metros do eixe da vía municipal e colocarse un portal de acceso.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50501639, emprazada en Bazar - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de euros sesenta e sete euros con un céntimo (#67,01#).

2.12.- Comunicación de obra de dona Eva Torres Mariño. (Expediente número 2024/U026/000026)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Eva Torres Mariño para colocación de portal e retirada de depósito de auga da cuberta de edificación.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000203500NH43D, emprazada en Argunte, 10 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como dos núcleos rurais. (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

Dáse conta tamén do expediente de comunicación 2022/U026/000022 do que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local en sesión de data 17/08/2022 e que por diversos motivos non se levou a cabo, achegándose agora nova comunicación para as mesmas actuacións e co mesmo presuposto.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Segundo.- Aprobar compensar a liquidación provisional do imposto correspondente, que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#), co imposto ingresado no expediente do ano 2022 ao non terse levado a cabo a comunicación.

2.13.- Comunicación de obra de don Francisco Candelero Martínez. (Expediente número 2024/U026/000027)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Francisco Candelero Martínez para colocación de tubos de 40 cm. na gábea, aproximadamente 12 metros de largo, e pavimentación dos mesmos nivelado coa vía pública.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50230340, emprazada en Piñeiro - Illobre (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. (N-2), e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.14.- Comunicación de obra de don Pedro Barreiro Duro. (Expediente número 2024/U026/000028)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Pedro Barreiro Duro para renovación de cuberta de edificación auxiliar, aproximadamente 60 m² en planta, colocando chapa.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001602500NH44A, emprazada en Cibrán, 32 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.15.- Comunicación de obra de don José Manuel Collazo Fraga. (Expediente número 2024/U026/000030)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Manuel Collazo Fraga para construción de peche con base de formigón, revestido e pintando, de 0,50 metros de altura e postes e arame ata unha altura total de 1,80 m, recuando 6 metros do eixe da vía municipal.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50600093, emprazada en Xián - Sarandón (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.16.- Comunicación de obra de don Manuel Rodríguez Muñiz. (Expediente número 2024/U026/000032)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Rodríguez Muñiz para construción de ramplas de acceso a finca, con tubos de 40 cm, unha de 5 metros e outra de 3 metros, niveladas coa vía municipal.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50700334, emprazada en Neira de Arriba - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.17.- Comunicación de obra de don Ramón Penas Castro. (Expediente número 2024/U026/000035)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Ramón Penas Castro para rehabilitación interior de vivenda unifamiliar, colocando azulexos e pavimentos novos en cociña, baño e corredor.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000203700NH43G, emprazada en Cornado, 9 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de euros cincuenta e oito euros con setenta e dous céntimos (#58,72#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



3º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de abril:

DECRETO	DATA	ASUNTO
186	02/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
187	02/04/2024	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para a dinamización e xestión do espazo coworking A Estación (PEL-Rede Coworking 2023)
188	02/04/2024	Delegación funcións Alcaldía do 06 -10 de abril no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, por vacacións do titular
189	03/04/2024	Aprobación bases de selección para a contratación temporal de 2 peóns de obras públicas durante 4 meses a xornada completa, por circunstancias de produción
190	04/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
191	04/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
192	05/04/2024	Adhesión á Política de Sinatura Electrónica da AGE
193	05/04/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente á mensualidade de abril
194	05/04/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente á mensualidade de abril
195	08/04/2024	Designación Vogal 4º, técnico/a designado/a pola Alcaldía, na Mesa de Contratación da licitación da Asistencia técnica xestión e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Coworking do Concello de Vedra (Ex. 2024/C004/000001)
196	08/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
197	09/04/2024	Suspensión temporal na EIM por causas xustificadas de LIV
198	10/04/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente ao mes de abril
199	10/04/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente á mensualidade de marzo
200	10/04/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente á mensualidade de marzo
201	10/04/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de SAF, modalidade dependencia, correspondente á mensualidade de marzo
202	10/04/2024	Adxudicación contrato de subministración electricidade de instalacións do concello de Vedra a Gas Natural Comercializadora, S.A (Lotes 1 e 2) (Expediente 2024/C005/000001)
203	10/04/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés correspondente á mensualidade de abril de 2024
204	10/04/2024	Aprobación e orde de pagamento das indemnización ao técnico da Mesa de Contratación do servizo de xestión do pavillón municipal
205	10/04/2024	Aprobación e orde de pagamento do Concello de Boqueixón da parte imputable dos custos de persoal do CIM, anualidade 2023, por importe de 4.450,59 euros



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



206	10/04/2024	Aprobación e orde de pagamento dos gastos de desprazamento a Pilar Vela por impartición de charla Curiosidades da Camelia
207	10/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
208	11/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
209	11/04/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Asociación Galega para axudas de enfermos con demencia tipo alzhéimer (AGAEDA) prevista no orzamento
210	12/04/2024	Ampliación SAF, libre concorrència, a MCCN
211	12/04/2024	Autorización para conexión á rede de saneamento da vivenda núm. 4 de Outeiro – San Pedro de Vilanova
212	12/04/2024	Baixa no SAF-Libre concorrència , por inclusión na modalidade de dependencia, de VGM
213	15/04/2024	Liquidación taxa de formalización de contrato de Suministro de electricidade de instalacións do Ayuntamiento de Vedra (Ordenanza núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos)
214	15/04/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
215	16/04/2024	Aprobación expediente de contratación do Servizo de asesoramento xurídico, defensa xurídica e representación procesual do Concello de Vedra (Expediente núm. 2024/C004/000003)
216	16/04/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a A.C. do Ensino da Arte da Música (E.M. Santa Cruz de Ribadulla)
217	16/04/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración enerxía eléctrica incluídos na relación de factura F.2024.11 por importe de 9.736,10 euros e abonos por importe de -296,98 euros
218	16/04/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de factura F.2024.12 por importe de 2.776,67 euros e abonos por importe de -8,70 euros
219	16/04/2024	Reserva de vagón á empresa Financiera Maderera S.A para reunión de persoal da empresa
220	16/04/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de factura F.2024.13 por importe de 153.121,16 euros
221	16/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
222	17/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
223	17/04/2024	Devolución a Acofide 2000 Xestión, S.L do aval constituído para responder da execución do contrato de xestión das instalacións do Pavillón Municipal de Vedra asinado no ano 2017.
224	17/04/2024	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 1º trimestre de 2024
225	17/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
226	17/04/2024	Asignación das funcións de Seguridade da Información do Concello de Vedra en cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade
227	17/04/2024	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a BSO
228	18/04/2024	Pago de axuda de emerxencia social a NAA
229	22/04/2024	Alta no servizo de comedor da EIM de MTG
230	19/04/2024	Autorización para conexión á rede de saneamento da vivenda núm. 49 de Paradela – San Xíán de Sales
231	19/04/2024	Designación membros da Comisión de baremación das solicitudes de ingreso na EIM , curso 2024/2025 e convocatoria da mesma.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



232	22/04/2024	Baixa na EIM, curso 2023/2024 de ALR
233	22/04/2024	Solicitude de axudas á Secretaría Xeral de Política Lingüística para a promoción do galego, anualidade 2024
234	22/04/2024	Solicitude de subvención á Axencia Galega de Industrias Culturais para a rehabilitación do tellado da nave da estación de ferrocarril de Santa Cruz (Resolución do 07.03.2024. DOG 58/24. Fondos PRTR. NexGenerationEU)
235	22/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
236	22/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
237	22/04/2024	Aprobación prezo público para a participación da XXXI Romaría da Terceira Idade
238	22/04/2024	Aprobación indemnizacións por asistencias aos concelleiros/as correspondentes ao 1º trimestre de 2024
239	22/04/2024	Dotacións económicas aos grupos políticos municipais do 1º trimestre de 2024
240	23/04/2024	APROL RURAL: Aprobación proceso selectivo urxente para a contratación de 2 postos de oficial de segundo xardineiro –forestal
241	23/04/2024	Concesión tarxeta para aparcamento para persoas con discapacidade a JPV
242	23/04/2024	PEL –Concellos 2024: Aprobación bases para a contratación de 3 peóns de obras públicas e 1 axudante de recollida de lixo
243	23/04/2024	Aprobación anticipada do Fondo de Acción Social 1º período de 2024
244	23/04/2024	Aprobación quilometraxe do persoal do CIM do 1º trimestre de 2024
245	24/04/2024	Aprobación nóminas do mes de abril
246	24/04/2024	Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas/excluídas na EIM, curso escolar 2024/2025
247	24/04/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de factura F.2024.14 por importe de 135.833,26 euros
248	24/04/2024	Aprobación xustificación de gastos e orde de pagamento das axudas ao estudo, curso 2023/2024
249	25/04/2024	Aprobación listaxe provisional persoas admitidas/excluídas proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 2 peóns de obras públicas
250	25/04/2024	Aprobación modificación de créditos 4/2024, modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención para a execución das actuacións supramunicipais no marco do PSTD Terras de Santiago
251	26/04/2024	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a JAVC
252	26/04/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a A.C. San Campio prevista no orzamento
253	26/04/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a ANPA do CEIP Ortigueira prevista no orzamento
254	26/04/2024	Designación da funcionaria Mercedes Pereiras Caldelas, como secretaria/interventora-tesoureira do concello do 30/04 -28/05 e do 30/05-07/06 por vacacións do titular
255	26/04/2024	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Escola de Música de Vedra, prevista no orzamento
256	26/04/2024	Aprobación certificación núm. 5 da obra de Colectores de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		saneamento en Bazar (POS + 2022), e factura correspondente da adjudicataria, Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 27.414,98 euros
257	26/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
258	29/04/2024	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas/excluídas proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 2 peóns de obras públicas
259	29/04/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
260	29/04/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
261	30/04/2024	Alta SAF, libre concorrencia, de JLMF

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4º.- Outros asuntos

4.1.- Modificación Anexo I prezo público campamentos de verán 2024.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do 11.04.2024 aprobouse o prezo público dos campamentos de verán 2024 (Expediente. 2024/X999/000040).

Considerando as últimas propostas trasladadas polo departamento de xuventude que organiza a actividade para a inclusión de bonificacións así como de modificacións encamiñadas a unha mellor xestión da actividade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Modificar o anexo I do acordo de aprobación do prezo público dos campamentos de verán do ano 2024.

Segundo: Proceder á súa publicación.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e quince minutos.



ANEXO I

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2024

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ao servizo de campamentos de verán do ano 2024 nas seguintes modalidades:

- Minicampamento de aventura: para nados e nadas en 2013, 2014 e 2015.
- Campamento de Mar: para nados e nadas en 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Os pais, tutores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada campamento é:

Minicampamento de aventura	130 €
Campamento de Mar	195 €

Artigo 4. Bonificacións.

Supostos de bonificación	Porcentaxe de bonificación	Prezo público sen bonificación	Prezo público bonificado
Supostos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo Departamento de Servizos Sociais	100%	A) 130,00 € B) 195,00 €	A) 0,00 € B) 0,00 €
*Condición de familia numerosa xeral	25%	A) 130,00 € B) 195,00 €	A) 97,50 € B) 146,25 €
*Condición de familia numerosa especial	40%	A) 130,00 € B) 195,00 €	A) 78,00 € B) 117,00 €

Para aplicar as bonificacións de familiar numerosa é requisito que a base imponible do IRPF da unidade familiar sexa menor que o triplo do IPREM (tributación individual, media) ou que o sétuplo do IPREM (tributación conxunta).

Artigo 5. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria na conta indicada polo/a proxenitor/a ou titor/a legal da persoa participante. Mediante a firma da solicitude de inscrición o debedor (proxenitor/a ou titor/a da persoa participante) autoriza:

- 1) Ao acredor (Concello de Vedra) a enviar instrucións á entidade bancaria do debedor para domiciliar a súa conta.
- 2) Á entidade bancaria para efectuar as domiciliacións na súa conta seguindo as instrucións do acredor.

Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



Os cargos efectuaranse unha vez finalizado o prazo de presentación de inscricións e previamente ao comezo do campamento.

Artigo 6. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado o campamento.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa maior: enfermidade ou outras análogas.

Artigo 7. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.